

SOUSA, Xulio, Marta NEGRO ROMERO, Rosario Álvarez (2014): *Lingua e Identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 283 pp.

Lingua e Identidade na fronteira galego-portuguesa, é unha monografía editada no ano 2014 a partir dos traballos do homónimo Simposio 2013 do Instituto da Lingua Galega (ILG), onde se procurou debater e reflexionar sobre as particularidades dos espazos fronteirizos de Galicia de Portugal. Dos dez traballos incluídos no libro de resumos do simposio aparecen recollidos nove. Todos menos a achega do profesor William Kavanagh, “La construcción de identidad y las fronteras simbólicas: el caso de la raya de Galicia con Portugal”, quen falece meses despois de presentalo. É por iso que o recopilatorio vai dedicado á súa lembranza e precedido dunha cita súa. No limiar, ademais, menciónase que xa estaba doente cando fora convidado a asistir ao encontro do ILG: “(...) vencendo todas as limitacións impostas pola doenza, acudiu presto a atender o noso convite” (p. 12).

Obsérvase que, no paso do formato de comunicación ao formato artigo, algúns traballos mudaron en maior ou menor medida os seus contidos e deseños iniciais, como é o caso dos contributos de Helena Pousa ou o presentado polas profesoras Fernández Rei, de Castro Moutinho e Coimbra, onde se amplían e engaden novos aspectos. Suman un total de dez propostas máis un limiar do equipo de edición, que buscou manter un espírito interdisciplinar malia que, na verdade, o libro desenvolva cuestións fundamentalmente lingüísticas, por máis sinais, enfoques dialectais. Só tres investigacións, de sete, desenvolven temas históricos ou antropolóxicos como eido principal. Ademais, o cal non quere dicir nada, pero é preciso destacalo, case todos os autores e autoras que figuran na obra teñen vencellos coa institución que a promove de maneira directa, isto é, pertencen ou pertenceron ao ILG ou mantiñan, na altura, contactos co centro por proxectos comúns.

A ordenación temática-cronolóxica escollida parece do máis idónea, partindo dos temas históricos, co profesor Carlos Baliñas e as relacións altomedievais entre Portugal e Galicia, para seguir co traballo de Luis Manuel García Mañá sobre a delimitación das fronteiras. A continuación seguen os temas antropolóxicos, as prácticas da cultura de fronteira estudadas por Paula Godinho e despois o interesante estudo sobre a percepción lingüística e a identidade de quen fala, realizado por Irene Santos Raña e Soraya Suárez Quintas. Esta última investigación é a ponte para os contidos de variación lingüística, onde predominan os estudos en relación ao léxico, mais non só.

“As entoacións galega e portuguesa: a fronteira á luz da dialectometría e da percepción”, asinado a tres mans, inaugura o segundo bloque de contidos. Nel compáranse diferentes mostras de entoación tomadas do Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (AMPER) de certos puntos específicos do territorio galego e do territorio portugués, tratando de que as persoas enquisadas identificasen se eran ou non variedades da mesma lingua. Isto, á súa vez, foi contrastado con estudos dialectométricos. A pesar das limitacións do tipo de recollida de datos que un proxecto tan ambicioso presentaba, os datos obtidos permitiron revelar certos patróns de recoñecemento tanto para o subconxunto galego coma para o subconxunto portugués e puxeron de manifesto as diferentes percepcións que unha persoa da comunidade galega ten sobre a lingua, dependendo de se lle é lingua materna ou non.

O artigo seguinte, asinado polas investigadoras Rosa Mouzo e Carolina Capelo, comenta, tomando como base os datos do Atlas Lingüístico da Península Ibérica (ALPI), unha serie de características diferenciais entre ambas

as dúas variedades lingüísticas, centrándose non só no léxico senón tamén no eido fonético e sintáctico. Sen ofrecer resultados concluíntes e asumindo, desde o inicio, a complexidade fenomenolóxica que se dá na volta fronteiriza, o seu obxectivo resulta meramente descritivo pero de interese para quen busque información concreta sobre os puntos do inquérito.

“(Des-)continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa” ofrece unha visión exhaustiva das diferentes ferramentas que se poden empregar para o estudo do *continuum* lexical galego-portugués, das máis convencionais e coñecidas, coma os atlas lingüísticos, as teses sobre a fala ou os grupos colaborativos de Facebook. Facendo fincapé de maneira equilibrada tanto nas bondades destas ferramentas coma nas precaucións necesarias para o seu uso, o autor demostra ao mesmo tempo que é posíbel atribuír ás peculiaridades de aplicación e deseño dos materiais certas crenzas diferencialistas erradas, e propón aproximacións máis globais no estudo transfronteirizo que dean mellor conta da realidade.

O artigo que segue a continuación, de Sílvia Afonso Pereira, presenta en primeiro lugar o CORDIAL-SIN, un corpus dialectal para estudar a variación sintáctica en Portugal. Logo, procede a comentar con detemento certas construcións fóra do portugués padrón e o seu estatuto e aceptabilidade no galego, o que lle permite establecer certas áreas de continuidade e discontinuidade sintáctica. Mentres que a exemplificación portuguesa semella adecuada, a exemplificación galega queda un pouco escasa, tendo en conta que, se ben non se dispón de corpus sintácticos como tal, si existen corpus de lingua galega que permitirían un mellor estudo de casos para afinar as comparacións e resultados.

A penúltima contribución, “Os verdadeiros amigos na raia miñota: os cognados”, supuxo un estudo de campo elaborado pola autora en diferentes puntos do territorio bañado polo río Miño (tamén coñecido por raia húmida). Centrándose unicamente nunha serie de campos semánticos e tomando como referencia as unidades léxicas que teñen a mesma significación a un lado e ao outro da fronteira miñota, a autora desenvolve un amplo glosario terminolóxico co que pretende chamar a atención sobre estes vocablos que non sempre aparecen reflectidos no estándar lingüístico e que ben puideran servir para mellorar os dicionarios actuais galegos.

A disertación de José Enrique Gargallo Gil sobre as fronteiras e as súas particularidades lingüísticas pecha o libro abrindo os horizontes desde os territorios galegos e portugueses cara a outras franxas e as súas expresións lingüísticas, como son o catalán de Aragón, o galego estremeiro, as falas castelán-aragonesas de Valencia e o portugués raiano de Extremadura. Esta derradeira exposición é un final axeitado e optimista para poñer baixo o punto de mira outros espazos susceptíbeis de seren analizados baixo as perspectivas presentes neste volume e para cuestionar calquera aproximación desde posicións absolutas. Compilacións plurais, como é o caso deste compendio, parecen opcións ben máis axeitadas para explorar, explicar e comprender mellor os fenómenos identitarios e de variación das linguas que aqueles outros que aspiran a ser manuais e a amosar visións únicas.

Lidia Teixeira
 Universidad Complutense de Madrid
 lidiateixeiro@gmail.com